

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE DA XUNTA DE GALICIA, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A CONFEDERACIÓN ESPAÑOLA DE ASOCIACIONES DE FAMILIARES DE PERSONAS CON ALZHEIMER Y OTRAS DEMENCIAS (CEAFA) E A FEDERACIÓN ALZHEIMER GALICIA (FAGAL) PARA RECOLLER DATOS DE PREVALEZA DE ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS NA POBOACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que o Servizo Galego de Saúde e a Consellería de Sanidade asinaron o día 12.12.2022 coa Confederación Española de Asociaciones de Familiares de Personas con Alzheimer y otras demencias (CEAFA) e a Federación Alzhéimer Galicia (FAGAL), o instrumento convencional arriba referido, que entrou en vigor o día seguinte ao da súa sinatura e estará vixente por un ano, contemplándose a posibilidade de ser prorrogado anualmente.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as bases da colaboración entre o Servizo Galego de Saúde, a Consellería de Sanidade, CEAFA e FAGAL para realizar un estudo de prevalenza que permita estimar o impacto do alzhéimer e outras demencias na poboación da Comunidade Autónoma de Galicia, dispoñendo ademais de información complementaria sobre o perfil e caracterización das persoas con alzhéimer e outras demencias. Así pois, serán estas asociacións as que poidan solicitar a información precisa, a cal se pasará á Subdirección Xeral de Sistemas e Tecnoloxías da Información da Consellería de Sanidade, quen, como órgano responsable da xestión dos datos e as estratexias da súa protección na consellería, avaliará a pertinencia da solicitude e a capacidade de explotación da información solicitada, sempre que cumpra coas esixencias da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais. CEAFA, FAGAL e o Servizo Galego de Saúde comprométense así a colaborar activamente no desenvolvemento das accións enunciadas.

As entidades participantes comprométense tamén a non difundir os resultados do estudo en tanto a Consellería de Sanidade non teña dado a súa conformidade expresa, tras estudar o posible impacto da publicación na súa organización.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte:

FAGAL é unha entidade sen ánimo de lucro que representa ás persoas e familiar afectadas polo alzhéimer na nosa comunidade. Aglutina 15 asociacións que xestionan unha rede de centros que prestan servizo a cerca do 85% da poboación de Galicia, sumando máis de 5.000 familias asociadas. A súa misión é mellorar a calidade de vida das persoas que padecen a dita enfermidade e outras demencias e das persoas que as coidan.



CEAFA, pola súa banda, é unha organización non gobernamental que pertence a FAGAL, e cuxa meta é traballar para poñer o alzhéimer na axenda política, buscando o necesario compromiso social e poñendo en valor o coñecemento para poder representar e defender os intereses, necesidades e dereitos de todas as persoas que conviven co alzhéimer.

Tanto a Consellería de Sanidade como o Servizo Galego de Saúde están comprometidos na necesidade de dar soporte ás persoas que padecen estas enfermidades e aos seus familiares e coidadores. É por iso que, co ánimo de poder adoptar novas estratexias que permitan mitigar as repercusións persoais e sociais destas persoas, estimou necesario abordar, en colaboración con FAGAL e CEAFA, a realización dun estudo no que se analice e valore o impacto que aqueles padecementos supoñen na poboación da Comunidade Autónoma de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de abril de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

